# FUNDACIÓN MENELA

CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES O EXERCICIO 2019 XUNTO CO INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE DE CONTAS ANUAIS

BDO

**FUNDACIÓN MENELA**

Informe de Auditoría Independente de Contas Anuais

BDO

Tel: +34 986 116 144
Fax: +34 986 114 722
www.bdo.es

Doctor Cadaval 2, 4ºD
36202 Vigo
España

## Informe de auditoría de contas anuais emitido por un auditor independente

Ao Padroado da **Fundación Menela** polo encargo da Dirección:

*Opinión*

Auditamos as contas anuais da **FUNDACION MENELA** (a Fundación), que comprenden o balance ao 31 de decembro de 2019, a conta de resultados e a memoria correspondentes ao exercicio rematado na devandita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación ao 31 de decembro do 2019, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na Nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

*Fundamento da opinión*

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Fundación de conformidade cos requisitos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España, segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se viu comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

*Aspectos máis relevantes da auditoría*

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

| Aspectos máis relevantes da auditoría | Resposta de auditoría |
|---|---|
| *Cumprimento das condicións establecidas nas achegas, subvencións e doazóns recibidas*<br><br>Tal e como se indica la nota 13 da memoria adxunta, para a realización dos seus fins a Fundación obtén unha parte significativa dos seus recursos de achegas, subvencións e doazóns de diferentes organismos públicos e privados.<br><br>Considerando que representan unha parte significativa dos recursos obtidos pola Fundación e que existen diversos requisitos de cumprimento, consideramos este asunto como un aspecto máis relevante da nosa auditoría. | Levamos a cabo, entre outros, os seguintes procedementos de auditoría:<br><br>- Análise do cumprimento dos requisitos establecidos nas resolucións de concesión das subvencións, doazóns e achegas recibidas.<br><br>- Análise do rexistro, razoabilidade e movemento das subvencións, doazóns e achegas recibidas. Verificamos a correcta imputación á conta de resultados, así como o impacto no patrimonio neto, no activo e no pasivo do balance.<br><br>- Verificación, a través de reunións coa Dirección e análise das actas da Fundación, de que non existen aspectos relevantes producidos ata a data de emisión do noso informe.<br><br>- Adicionalmente, verificamos que a memoria adxunta inclúe as desagregacións de información que require o marco de información financeira aplicable. |

BDO Auditores S.L.P., una sociedad limitada española, es miembro de BDO International Limited, una compañía limitada por garantía del Reino Unido y forma parte de la red internacional BDO de empresas independientes asociadas.

BDO es la marca comercial utilizada por toda la red BDO y para todas sus firmas miembro.

*Responsabilidade en relación coas contas anuais*

A Dirección é responsable de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que considere necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, a Dirección é responsable da valoración da capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se a Dirección ten intención de liquidar a Fundación ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

*Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais*

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión. Seguridade razoable é un alto grao de seguridade pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais , debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.

- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da Entidade.

BDO Auditores S.L.P., una sociedad limitada española, es miembro de BDO International Limited, una compañía limitada por garantía del Reino Unido y forma parte de la red internacional BDO de empresas independientes asociadas.

BDO es la marca comercial utilizada por toda la red BDO y para todas sus firmas miembro.

- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada pola Dirección.

- Concluímos sobre se é adecuada a utilización, pola Dirección do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Fundación para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada.

  As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, feitos ou condicións futuros poden ser causa de que a Fundación deixe de ser unha empresa en funcionamento.

- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos coa Dirección da Entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación á Dirección da Entidade, determinamos os que foron da maior transcendencia na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Describimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

BDO Auditores, S.L.P. (ROAC S1273)

AUDITORES
INSTITUTO DE CENSORES JURADOS DE CUENTAS DE ESPAÑA

BDO AUDITORES S.L.P.

2020 Núm. 04/20/01806
96,00 EUR
SELLO CORPORATIVO:
Informe de auditoría de cuentas sujeto a la normativa de auditoría de cuentas española o internacional

Jorge Montoya Arana (ROAC 21765)
Socio - Auditor de Cuentas

8 de junio de 2020

BDO Auditores S.L.P., una sociedad limitada española, es miembro de BDO International Limited, una compañía limitada por garantía del Reino Unido y forma parte de la red internacional BDO de empresas independientes asociadas.

BDO es la marca comercial utilizada por toda la red BDO y para todas sus firmas miembro.

# FUNDACIÓN MENELA

## CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES O EXERCICIO 2019

# FUNDACIÓN MENELA

## BALANCES DE PECHE DO EXERCICIO 2019 E 2018

(Expresado en euros)

| ACTIVO | Notas da memoria | 2019 | 2018 |
|---|---|---|---|
| **ACTIVO NON CORRENTE** | | **4.201.115,09** | **4.404.513,70** |
| **Inmobilizado intanxible** | | **0,01** | **0,01** |
| Aplicacións informáticas | | 0,01 | 0,01 |
| **Inmobilizado material** | 5 | **4.117.404,43** | **4.321.143,69** |
| Terreos e construcións | | 3.996.437,56 | 4.188.735,55 |
| Instalacións técnicas e outro inmobilizado material | | 120.966,87 | 132.408,14 |
| **Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo** | 6.1 | **82.770,00** | **82.770,00** |
| Instrumentos de patrimonio | | 82.770,00 | 82.770,00 |
| **Investimentos financeiros a longo prazo** | 6.3 | **940,65** | **600,00** |
| Outros activos financeiros | | 940,65 | 600,00 |
| **ACTIVO CORRENTE** | | **459.973,68** | **474.901,29** |
| **Usuarios e outros debedores da actividade propia** | 8 | **203.345,52** | **181.968,65** |
| **Debedores comerciais e outras contas a cobrar** | 12 | **197.718,01** | **161.901,92** |
| Debedores varios | | 197.718,01 | 161.901,92 |
| **Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo** | 6.3 | **3,25** | **3,25** |
| Outros activos financeiros | | 3,25 | 3,25 |
| **Investimentos financeiros a curto prazo** | 6.3 | **0,01** | **0,01** |
| Outros activos financeiros | | 0,01 | 0,01 |
| **Periodificacións a curto prazo** | | **3.043,66** | **1.639,24** |
| **Efectivo e outros activos líquidos equivalentes** | 6.2 | **55.863,23** | **129.388,22** |
| Tesourería | | 55.863,23 | 129.388,22 |
| **TOTAL ACTIVO** | | **4.661.088,77** | **4.879.414,99** |

*As Contas Anuais da Fundación, que forman unha soa unidade, comprenden estes Balances e as Contas de Resultados adxuntas e a Memoria Anual adxunta que consta de 23 Notas.*

# FUNDACIÓN MENELA

## BALANCES DE PECHE DO EXERCICIO 2019 E 2018

(Expresados en euros)

| PASIVO | Notas da memoria | 2019 | 2018 |
|---|---|---|---|
| **PATRIMONIO NETO** | | **4.112.496,46** | **4.421.032,27** |
| **Fondos Propios** | | **397.895,25** | **509.324,86** |
| **Dotación Fundacional/Fondo social** | 11 | **6.010,12** | **6.010,12** |
| Dotación Fundacional/Fondo social | | 6.010,12 | 6.010,12 |
| **Reservas** | 11 | **78.847,64** | **78.847,64** |
| Outras reservas | | 78.847,64 | 78.847,64 |
| **Excedentes dos exercicios anteriores** | 11 | **424.467,10** | **397.344,31** |
| Remanente | | 424.467,10 | 397.344,31 |
| **Excedente do exercicio** | 11 | **(111.429,61)** | **27.122,79** |
| **Subvencións, doazóns e legados recibidos** | 13 | **3.714.601,21** | **3.911.707,41** |
| Subvencións | | 3.714.601,21 | 3.911.707,41 |
| **PASIVO NON CORRENTE** | | **42.070,85** | **42.664,78** |
| **Débedas a longo prazo** | 7.1 | **42.070,85** | **42.664,78** |
| Débedas con entidades de crédito | | 0,00 | 593,93 |
| Outros pasivos financeiros | | 42.070,85 | 42.070,85 |
| **PASIVO CORRENTE** | | **506.521,46** | **415.717,94** |
| **Débedas a curto prazo** | | **227.909,11** | **166.655,85** |
| Débedas con entidades de crédito | 7.2 | 40.058,34 | 5.210,88 |
| Outros pasivos financeiros | 7.1-13 | 187.850,77 | 161.444,97 |
| **Acredores comerciais e outras contas a pagar** | | **278.612,35** | **249.062,09** |
| Acredores varios | 7.1 | 39.766,85 | 39.751,63 |
| Persoal (remuneracións pendentes de pago) | 7.1 | 145.997,49 | 135.094,78 |
| Outras débedas coas Administracións Públicas | 12 | 89.169,01 | 72.178,68 |
| Anticipos recibidos por pedidos | 7.1 | 3.679,00 | 2.037,00 |
| **TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO** | | **4.661.088,77** | **4.879.414,99** |

*As Contas Anuais da Fundación, que forman unha soa unidade, comprenden estes Balances e as Contas de Resultados adxuntas e a Memoria Anual adxunta que consta de 23 Notas.*

# FUNDACIÓN MENELA

## CONTAS DE RESULTADOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2019 E O TERMINADO O 31 DE DECEMBRO DE 2018

(Expresada en euros)

| CONTA DE RESULTADOS | Notas da memoria | 2019 | 2018 |
|---|---|---|---|
| **A) OPERACIÓNS CONTINUADAS** | | | |
| **Ingresos da actividade propia** | | **3.157.735,15** | **2.815.856,26** |
| Cotas de usuarios e afiliados | 14 | 641.529,94 | 504.340,32 |
| Achegas de usuarios | 14 | 1.486.114,57 | 1.414.435,49 |
| Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio | 13 y 14 | 1.030.090,64 | 897.080,45 |
| **Gastos por axudas e outros** | | **(1.876,45)** | **(203,42)** |
| Axudas monetarias | | - | (106,20) |
| Reintegro de subvencións, doazóns e legados | | (1.876,45) | (97,22) |
| **Aprovisionamentos** | 15.d | **(47.813,16)** | **(71.836,66)** |
| **Outros ingresos da actividade** | 15.e | **7.974,82** | **2.418,36** |
| **Gastos de persoal** | 15.a | **(2.587.863,54)** | **(2.132.921,40)** |
| Soldos, salarios e asimilados | | (2.021.007,51) | (1.655.653,91) |
| Cargas sociais | | (566.856,03) | (477.267,49) |
| **Outros gastos da actividade** | 15.b | **(618.161,18)** | **(597.101,17)** |
| Servicios Exteriores | | (615.466,91) | (595.883,96) |
| Tributos | | (2.696,29) | (1.770,07) |
| Perdas, deterioro e var de prov por op. Com. | | 2,02 | 552,86 |
| **Amortización do inmobilizado** | 5 | **(230.795,86)** | **(230.445,32)** |
| **Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio** | 13 | **220.605,58** | **220.390,86** |
| Subvenciones de capital transf. o rtdo do exercicio | | 214.259,54 | 214.707,83 |
| Doazóns e legados de capital transf. o rtdo do exercicio | | 5.683,03 | 6.346,04 |
| **Outros resultados** | | **750,00** | **31.217,16** |
| **EXCEDENTE DA ACTIVIDADE** | | **(99.444,64)** | **37.374,67** |
| **Gastos financeiros** | 7.3 | **(11.984,97)** | **(10.251,88)** |
| **EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS** | | **(11.984,97)** | **(10.251,88)** |
| **EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS** | | **(111.429,61)** | **27.122,79** |
| **Impostos sobre beneficios** | 12 | - | - |
| **EXCEDENTE DO EXERCICIO** | | **(111.429,61)** | **27.122,79** |

*As Contas Anuais da Fundación, que forman unha soa unidade, comprenden esta Contas de Resultados e os Balances adxuntos e a Memoria Anual adxunta que consta de 23 Notas.*

**FUNDACIÓN MENELA**

**CONTAS DE RESULTADOS CORRESPONDENTES AO 31 DE DECEMBRO DE 2019 E o 31 DE DECEMBRO DE 2018**

(Expresada en euros)

| | Notas da memoria | 2019 | 2018 |
|---|---|---|---|
| **VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO** | | **(111.429,61)** | **27.122,79** |
| **Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto:** | | | |
| Subvencións recibidas | 13 | 1.043.301,02 | 897.080,45 |
| Doazóns recibidas | 13 | 10.289,00 | - |
| **VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO** | | **1.053.590,02** | **897.080,45** |
| **Reclasificacións ao excedente do exercicio** | | | |
| Subvencións recibidas | 13 | (1.244.350,18) | (1.111.788,28) |
| Doazóns e legados recibidos | | (6.346,04) | (5.683,03) |
| **VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO** | | **(1.250.696,22)** | **(1.117.471,31)** |
| **VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE AO PATRIMONIO NETO** | | **(197.106,20)** | **(220.390,86)** |
| Axustes por erros | 2.i | - | **400,00** |
| **RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO** | | **(308.535,81)** | **(192.868,07)** |

*As Contas Anuais da Fundación, que forman unha soa unidade, comprenden estas Contas de Resultados, os Balances adxuntos e a Memoria Anual adxunta que consta de 23 Notas.*

# FUNDACIÓN MENELA

# MEMORIA DO EXERCICIO 2019

## NOTA 1. FUNDACIÓN, ACTIVIDADE E RÉXIME LEGAL DA FUNDACIÓN

### a) Fundación e Domicilio social

FUNDACIÓN MENELA (en diante, a Fundación) foi constituída en Vigo por un período de tempo indefinido mediante Escritura Pública outorgada con data 9 de marzo de 1989 ante o Notario D. Alfonso Zulueta de Haz.

O seu domicilio social encóntrase en Vigo. Está clasificada como benéfico-asistencial no D.O.G. 114, 15-06-89, de interese galego no D.O.G. 115, 16-06-89 e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais E-214.

### b) Fins fundacionais

De acordo cos Estatutos polos que se rexe a Fundación, esta ten como fins principais os seguintes:

- A programación, pulo e execución dos plans de investigación e estudios, de calquera nivel académico, destinados especialmente á perfección e mellora da atención e axuda a persoas minusválidas, psíquicas, autistas, psicóticas e con trastornos afins.

- Tomar iniciativas para que, por toda clase de institucións e organismos, públicos e privados, se promovan, adquiran ou constrúan colexios, residencias, centros de atención e axuda, lugares de expansión, de lecer e de descanso, etc., nos que se preste a debida asistencia aos grupos de persoas ás que a Fundación desexa atender.

- Promover a creación de becas e axudas económicas para as familias das persoas diminuídas psíquicas ou físicas, ou crealas a propia Fundación, a fin de que as familias menos dotadas economicamente poidan acceder a centros de asistencia especializados e que, por falta de recursos, queden marxinados.

- Promover actividades de voluntariado social con fins asistenciais ás persoas marxinadas en xeral, e especialmente a prestación de asistencia a residencias, colexios, centros de apoio familiar, centros ocupacionais, etc., destinados a discapacitados.

- Promover a edición de publicación, referidas a estudios relacionados co obxecto da Fundación, traballos de investigación, relatorios e comunicacións.

- Sensibilizar á sociedade en xeral e á propia administración, a través dos medios de comunicación, da necesidade de potenciar e arbitrar todo tipo de recursos en beneficio dos discapacitados psíquicos.

Para a consecución dos seus fins, a Fundación organiza as seguintes actividades:

- Atención Educativa.
- Atención a Adultos.
- Atención Familiar.
- Promoción da Accesibilidade.
- Promoción do Voluntariado.
- Inserción de Emprego.
- Valoración e Diagnóstico.
- Ocio e Respiro Familiar.
- Formación.
- Sensibilización.

Como entidade sen ánimo de lucro, destínase á consecución dos fins fundacionais, ao menos, o setenta por cento das rendas netas e de outros ingresos que se obteñan por calquera concepto, exceptuándose as achegas efectuadas en concepto de dotación fundacional.

Para a realización dos seus fins, a Fundación conta cos recursos procedentes das súas actividades ordinarias, fundamentalmente as cotas dos usuarios, así como coas achegas, subvencións e doazóns percibidas de distintas entidades.

Aplícaselle a lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións e a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, o Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Competencia Estatal, o Real Decreto 1611/2007, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal, o Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, o Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das entidades sen fins de lucro, a Resolución do ICAC 26/03 de 2013 polo que se aproba o novo Plan Contable para Entidades Non Lucrativas, e demais disposicións legais aplicables.

A Fundación non está participada por ningunha outra Entidade Dominante.

## NOTA 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

### a) Imaxe Fiel

As contas anuais do exercicio 2019 adxuntas foron preparadas a partir dos rexistros contables, aplicando os principios contables e criterios de valoración recollidos na Resolución de 26 de marzo de 2013, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das Entidades Sen Fins Lucrativos (texto refundido que inclúe os criterios aprobados polo Real Decreto 1491/2011, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, e os criterios aprobados polo Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade), aplicando as modificacións introducidas ao mesmo mediante o RD 1159/2010 e o resto de disposicións vixentes en materia contable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación, así como do grado de cumprimento das súas actividades.

As contas anuais adxuntas someteranse á aprobación do Padroado, estimando a Dirección que serán aprobadas sen modificación algunha.

### b) Principios Contables Non Obrigatorios Aplicados

Non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, a Dirección formulou estas contas anuais tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen un efecto significativo nas contas anuais. Non existe ningún principio contable que sendo obrigatorio, deixase de aplicarse.

### c) Moeda de presentación

De acordo coa normativa legal vixente en materia contable, as contas anuais preséntanse expresadas en euros.

### d) Aspectos Críticos da Valoración e Estimación da Incerteza

Na elaboración das contas anuais utilizáronse estimacións realizadas pola Dirección da Fundación para valorar determinados activos, pasivos, ingresos e gastos que se atopan rexistrados nas contas anuais, en función da mellor información dispoñible ao 31 de decembro de 2019. Non se estima que existan estimacións e xuízos que supoñan un risco significativo e dar lugar a axustes relevantes nos valores contables de ditos activos, pasivos, ingresos e gastos do próximo exercicio. Neste sentido, as estimacións máis relevantes son as seguintes:

- A vida útil dos activos materiais.
- O valor razoable de determinados instrumentos financeiros.
- A avaliación de posibles perdas por insolvencias de usuarios e outras partidas a cobrar.
- A estimación sobre o risco financeiro e o risco de liquidez, derivado da dependencia da obtención de subvencións e doazóns privadas e públicas.
- A consideración das subvencións como non reintegrables.

No exercicio 2019 a Fundación incorreu en perdidas significativas deixando un capital de traballo negativo. A pesar desta circunstancia, non se espera que a Fundación non cumpra os seus compromisos a curto prazo, xa que ten dúas pólizas de crédito cun risco dispoñible de 310 miles de euros. Ademais, a Xunta de Galicia ampliou o seu acordo coa Fundación, asegurando así a súa principal fonte de ingresos.

Como se fai ver na nota 22 de Feitos posteriores con maior detalle, a comezos do exercicio 2020 España e outros países están a sufrir o impacto sanitario e económico do virus COVID-19. A causa do mesmo e do Estado de Alarma decretado polo Goberno de España a mediados de marzo de 2020, a Fundación adoptou as medidas oportunas para a protección dos seus traballadores co obxectivo de paliar o efecto desta situación e garantir a continuidade da Fundación. A dirección fixo unha avaliación inicial do impacto que esta situación terá na Fundación, considerando que non afecta as contas anuais de 2019.

A pesares de que as estimacións realizadas pola Dirección foron calculadas en función da mellor información dispoñible ao 31 de decembro de 2019, é posible que acontecementos futuros obriguen á súa modificación nos próximos exercicios, o que se realizaría, no seu caso, de maneira prospectiva.

O Padroado da Fundación considera que estas medidas son suficientes para garantir a súa continuidade, de forma que as citadas Contas Anuais foron elaboradas aplicando o principio de empresa en funcionamento

## e) Comparabilidade da Información

De acordo coa lexislación mercantil, a Dirección da Fundación presenta, a efectos comparativos, con cada unha das partidas do Balance e da Conta de Resultados, ademais das cifras do exercicio 2019 as correspondentes o exercicio anterior. As partidas de ambos exercicios son comparables e homoxéneas.

## f) Agrupación de partidas

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance ou na conta de resultados.

## g) Elementos recollidos en varias partidas

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou máis partidas do balance.

## h) Cambios en criterios contables

Durante o exercicio 2019 non se produciron cambios de criterios contables significativos respecto aos criterios utilizados no exercicio anterior.

**i) Corrección de erros**

Durante o exercicio 2019 rexistrouse directamente en reservas voluntarias un ingreso por importe de 400,00 euros correspondente a unha regularización de saldo dun usuario.

Non se detectaron outros erros relevantes existentes a peche do exercicio que obriguen a reformular as contas anuais nin a corrixir a información patrimonial de exercicios anteriores.

## NOTA 3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

A análise das principais partidas que forman o excedente é o seguinte:

- Axudas e cotas de usuarios e afiliados : supoñen o 62,82% dos ingresos (62,50% do exercicio anterior) e recollen as achegas realizadas polos usuarios e administracións públicas polos servizos realizados pola entidade.

- As subvencións de explotación e capital: supoñen o 36,93% dos ingresos (36,40% do exercicio anterior) e recollen tanto as cantidades achegadas polas administracións públicas e entidades para o desenvolvemento dos seus fins así como o traspaso das subvencións de capital á conta de resultados.

- Gastos de persoal: supón o 73,97 % do gasto (70,10% no exercicio anterior) e recolle as cantidades pagas aos traballadores en virtude do contrato laboral.

- Outros gastos da actividade: supoñen o 17,67% do gasto (19,62% no exercicio anterior) recollen os servizos correntes empregados na actividade.

A Dirección da Fundación proporá ao Padroado aplicar o excedente negativo do exercicio 2019, o remanente. A Dirección estima que a proposta de aplicación do excedente negativo do exercicio 2019 será aprobada polo Padroado sen variacións significativas.

| | 2019 | 2018 |
|---|---|---|
| **Base de reparto** | | |
| Excedente do exercicio | (111.429,61) | 27.122,79 |
| **Total** | **(111.429,61)** | **27.122,79** |
| **Aplicación** | | |
| Remanente | (111.429,61) | 27.122,79 |
| **Total** | **(111.429,61)** | **27.122,79** |

A proposta de aplicación do excedente positivo do exercicio 2018 foi aprobada polo Padroado da Fundación en fecha 15 de xuño de 2019.

Non existen limitacións para a aplicación dos excedentes de acordo coas disposicións legais.

## NOTA 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

As principais normas de valoración utilizadas pola Fundación na elaboración das contas anuais para o exercicio 2019, foron as seguintes:

### a) Inmobilizado intanxible

Os bens comprendidos no inmobilizado intanxible valóranse polo seu custo, sexa este o prezo de adquisición ou o custo de produción.

Despois do recoñecemento inicial, o inmobilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioración rexistradas.

Para cada inmobilizado intanxible analízase e determínase a vida útil é definida ou indefinida.

Os activos intanxibles que teñen vida útil definida amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada destes e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Polo menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioración, en cuxo caso se estiman os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

A Fundación recoñece contablemente calquera perda que puidera producirse no valor rexistrado destes activos con orixe na súa deterioración, utilizándose como contrapartida o epígrafe "Perdas netas por deterioración" da conta de resultados. Os criterios para o recoñecemento das perdas por deterioración destes activos e, no seu caso, das repercusións das perdas por deterioración rexistradas en exercicios anteriores son similares aos aplicados para os activos materiais e explícanse posteriormente. No presente exercicio non se recoñeceron "Perdas netas por deterioración" derivadas dos activos intanxibles.

Non existe ningún inmobilizado intanxible con vida útil indefinida.

#### Aplicacións informáticas

Valóranse ao prezo de adquisición ou custo de produción e amortízanse linealmente durante un período de tres anos no que está prevista a súa utilización.

As reparacións que non representen unha ampliación da vida útil e os custos de mantemento son cargados na conta de resultados no exercicio en que se producen.

O imposto sobre o valor engadido soportado nas adquisicións de inmobilizado ten a consideración de non deducible e rexístrase como maior importe do mesmo.

**b) Inmobilizado material**

O inmobilizado material valórase ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derrubamento, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares. A Fundación inclúe no custo do inmobilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte, tamén, do valor do inmobilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao activo, tales como custos de rehabilitación, cando estas obrigas dan lugar ao rexistro de provisións.

A Dirección da Fundación considera que o valor contable dos activos non supera o valor recuperable dos mesmos.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola Fundación, cargaranse nas contas de gasto que correspondan. Os custos de ampliación e mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados como maior valor do mesmo. As contas de inmobilizado material en curso cárganse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Fundación para si mesma.

Nos arrendamentos financeiros contabilízase o activo de acordo coa súa natureza, e un pasivo financeiro polo mesmo importe, que é o menor entre o valor razoable do activo arrendado e o valor actual ao inicio do arrendamento dos pagos mínimos acordados.

O imposto sobre o valor engadido soportado nas adquisicións de inmobilizado ten a consideración de non deducible e rexístrase como maior importe do mesmo.

A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada estimando un valor residual nulo, en función dos seguintes anos de vida útil:

| | Porcentaxe Anual | Anos de Vida Útil Estimados |
|---|---|---|
| Construcións | 3% | 33 |
| Maquinaria | 14% | 7 |
| Ferramenta | 10% | 10 |
| Outras instalacións e mobiliario | 10% | 10 |
| Equipos para procesos de información | 14% | 7 |
| Elementos de transporte | 14% | 7 |
| Outro inmobilizado | 14% | 7 |

As correccións valorativas por deterioración dos elementos do inmobilizado material, así como a súa reversión cando as circunstancias que as motivaron deixaron de existir, recoñécense na Conta de Resultados.

**c) Arrendamentos e outras operacións de carácter similar**

Os arrendamentos clasifícanse como financeiros sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transfiren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato.

Os demais arrendamentos clasificaranse coma arrendamentos operativos.

**Arrendamento financeiro**

Nas operacións de arrendamento financeiro nas que a Fundación actúa coma arrendatario preséntase o custo dos activos arrendados no balance segundo a natureza do ben obxecto do contrato e, simultaneamente, un pasivo polo mesmo importe. Dito importe será o menor entre o valor razoable do ben arrendado e o valor actual ao inicio do arrendamento das cantidades mínimas acordadas, incluída a opción de compra, cando non existan dúbidas razoables sobre o seu exercicio.

Non se incluirán no seu cálculo as cotas de carácter continxente, o custo dos servizos e os impostos repercutibles polo arrendador.

A carga financeira total do contrato impútase á conta de resultados do exercicio no que se deveña, aplicando o método do tipo de xuro efectivo.

As cotas de carácter continxente recoñécense como gasto do exercicio no que se incorren.

Os activos rexistrados por este tipo de operacións amortízanse con criterios similares aos aplicados ao conxunto de elementos do inmobilizado material, atendendo á súa natureza.

Non existen operacións de arrendamento financeiro nas que a Fundación actúe coma arrendador.

**Arrendamento operativo**

Nas operacións de arrendamento operativo a propiedade do ben arrendado e, substancialmente todos os beneficios que recaen sobre o ben, tenos o arrendador.

Se a Fundación actúa coma arrendatario os gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo rexístranse na conta de resultados do exercicio no que se deveñan.

**d) Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros**

A Fundación avalía, en cada data de peche do balance, se existe algún indicio de deterioración de valor dalgún activo. Se existise tal indicio, a Fundación estimará o importe recuperable do activo.

Os activos suxeitos a amortización revísanse para perdas por deterioración sempre que algún suceso interno, externo ou cambio nas circunstancias indiquen que o valor contable non pode ser recuperable. Recoñécese unha perda por deterioración pola parte do importe en libros do activo que exceda o seu importe recuperable. O importe recuperable é o valor razoable de un activo menos os custos para a venda ou o valor de uso obtido por un desconto de fluxos futuros de tesourería, o maior dos dous. A efectos de avaliar as perdas por deterioración do valor, os activos agrúpanse ao nivel máis baixo para o que hai fluxos de efectivo identificables por separado (unidades xeradoras de efectivo).

Os activos non financeiros, distintos do fondo de comercio, que sufriran unha perda por deterioración, sométense a revisións a cada data do balance por se se producisen reversións das perdas.

**e) Instrumentos financeiros**

**Activos financeiros**

Préstamos e partidas a cobrar

Os préstamos e partidas a cobrar son activos financeiros non derivados con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo. Inclúense en activos correntes, excepto para vencementos superiores a 12 meses dende a data do balance, que se clasifican coma activos non correntes.

Estes activos financeiros valóranse inicialmente polo seu valor razoable, incluídos os custos da transacción que lles sexan directamente imputables, e posteriormente a custo amortizado, recoñecendo os intereses deveñados en función do tipo de xuro efectivo, entendido coma o tipo de actualización que iguala o valor en libros do instrumento coa totalidade dos seus fluxos de efectivo estimados ata o seu vencemento. Non obstante ao anterior, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano valóranse polo seu nominal sempre que o efecto de non actualizar os fluxos non sexa significativo.

Polo menos ao peche do exercicio realízanse as correccións valorativas necesarias por deterioración de valor se existe evidencia obxectiva de que non se cobrarán todos os importes debidos.

O importe da perda por deterioración de valor é a diferenza entre o valor en libros do activo e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros estimados, descontados ao tipo de xuro efectivo no momento do recoñecemento inicial. As correccións de valor, así coma no seu caso a súa reversión, recoñécense na Conta de Resultados.

Inversións no patrimonio de entidades do grupo, multigrupo e asociadas

Valóranse polo seu custo menos, no seu caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración de valor. Non obstante, cando existe unha inversión anterior a súa cualificación como entidade do grupo, multigrupo ou asociada, considérase como custo da inversión o seu valor contable antes de ter esa cualificación. Os axustes valorativos previos contabilizados directamente no patrimonio neto mantéñense neste ata que se dean de baixa.

Se existe evidencia obxectiva de que o valor en libros non é recuperable, efectúanse as oportunas correccións valorativas pola diferenza entre o seu valor en libros e o importe recuperable, entendendo este coma o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo derivados da inversión. Salvo mellor evidencia do importe recuperable, na estimación do deterioración destas inversións tómase en consideración o patrimonio neto da entidade participada corrixido polas plusvalías tácitas existentes na data da valoración. A corrección valorativa e, no seu caso, a súa reversión rexístrase na conta de resultados do exercicio no que se produce.

Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito. Tamén inclúen baixo este concepto outras inversións a curto prazo de gran liquidez sempre que sexan doadamente convertibles en importes determinados de efectivo e que estean suxeitas a un risco insignificante de cambios de valor. A estes efectos inclúense as inversións con vencementos de menos de tres meses dende a data de adquisición.

**Pasivos financeiros**

Débitos e partidas a pagar

Esta categoría inclúe débitos por operacións non comerciais. Estes recursos alleos clasifícanse coma pasivos correntes, a menos que a Fundación teña un dereito incondicional a diferir a súa liquidación durante polo menos 12 meses despois da data de Balance.

Estas débedas recoñécense inicialmente ao seu valor razoable axustado polos custos de transacción directamente imputables, rexistrándose posteriormente polo seu custo amortizado segundo o modelo do tipo de xuro efectivo. Dito xuro efectivo é o tipo de actualización que iguala o valor en libros do instrumento coa corrente esperada de pagos futuros ata o vencemento do pasivo.

Non obstante ao anterior, os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de xuro contractual, valóranse, tanto no momento inicial coma no posterior, polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

No caso de producirse renegociación de débedas existentes, considérase que non existen modificacións substanciais do pasivo financeiro cando o prestamista do novo préstamo é o mesmo que o que concedeu o préstamo inicial e o valor actual dos fluxos de efectivo, incluíndo as comisións netas, non difire en máis dun 10% do valor actual dos fluxos de efectivo pendentes de pagar do pasivo orixinal calculado baixo este mesmo método.

**Baixa de activos financeiros**

Un activo financeiro, ou parte do mesmo, dáse de baixa cando expiran ou se cederon os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do activo financeiro, e transferíronse de xeito substancial os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

**Baixa de pasivos financeiros**

Un pasivo financeiro dáse de baixa cando se extingue a obriga correspondente.

A diferenza entre o valor en libros do pasivo financeiro ou da parte do mesmo que se deu de baixa e a contraprestación pagada, incluídos os custos de transacción atribuíbles así como calquera activo cedido diferente do efectivo, ou pasivo asumido, se recoñece na Conta de Resultados do exercicio en que ten lugar.

**Intereses recibidos de activos financeiros**

Os intereses de activos financeiros deveñados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense coma ingresos na Conta de Resultados.

Os intereses recoñécense utilizando o método do tipo de interese efectivo. A estes efectos, na valoración iniciados activos financeiros rexístranse de maneira independente, atendendo ao seu vencemento, o importe dos intereses explícitos deveñados e non vencidos en dito momento.

**Fianzas entregadas e recibidas**

As fianzas entregadas e recibidas por arrendamentos operativos e prestación de servizos, a diferenza entre o seu valor razoable e o importe desembolsado rexístrase como un pagamento ou cobramento anticipado polo arrendamento prestación do servizo. En caso de fianzas entregadas e recibidas a curto prazo valóranse polo importe desembolsado.

As fianzas entregadas por arrendamentos operativos valóranse polo seu valor razoable.

## f) Créditos e débitos pola actividade propia

As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados ou outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinan un dereito de cobro que se contabiliza polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito se rexístrase como un ingreso financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custo amortizado.
Non se concederan préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de xuro cero ou por debaixo do xuro de mercado.

O peche do exercicio efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que se produciu un deterioración de valor nestes activos. A tal efecto aplica o criterio do custo amortizado.

As axudas e outras asignacións concedidas pola entidade aos seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, orixinan o recoñecemento de un pasivo polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñécense polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do débito contabilízase como un gasto financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custe amortizado.

Se a concesión da axuda é plurianual, o pasivo rexístrase polo valor actual do importe comprometido en firme de forma irrevogable e incondicional. Aplícase este mesmo criterio naqueles casos nos que a prolongación da axuda non estea sometida a avaliacións periódicas, senón ao simple cumprimento de trámites formais ou administrativos.

## g) Transaccións en moeda estranxeira

As operacións realizadas en moeda estranxeira rexístranse na moeda funcional da Fundación (euros) aos tipos de cambio vixentes no momento da transacción.

Durante o exercicio, as diferenzas que se producen entre o tipo de cambio contabilizado e o que se encontra en vigor á data de cobro ou de pago rexístrase como resultados financeiros e na conta de resultados.

## h) Imposto sobre beneficios

A Fundación optou polo réxime fiscal contido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Fundacións sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, que regula o réxime fiscal deste tipo de Fundacións a efectos do Imposto sobre Sociedades e dos tributos locais. Posteriormente, o 24 de outubro de 2003 entrou en vigor o Real Decreto 1.270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Fundacións sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

A Fundación, ao cumprir os requisitos previstos en dita normativa, está exenta, a efectos de tributación por Imposto sobre Sociedades, polas rendas xeradas no exercicio das actividades que constitúen o seu obxecto fundacional ou finalidade específica, polos donativos e doazóns recibidos para colaborar cos fins da Fundación, incluídas as achegas económicas recibidas en virtude de convenios de colaboración empresarial e polas rendas procedentes do patrimonio mobiliario da Fundación, como son os xuros e arrendamentos.

A Fundación presentou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria a "Declaración Censal" na que opta pola aplicación do réxime fiscal especial regulado no Título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro.
O gasto por imposto sobre beneficios do exercicio calcúlase sobre o excedente económico correspondente as actividades que non gozan da exención sinalada nos parágrafos anteriores. O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e dedución xeradas e aplicadas no exercicio.

i) **<u>Ingresos e Gastos</u>**

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de deveño, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Non obstante, a Fundación unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse tan pronto son coñecidos.

Os ingresos por venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos, que salvo evidencia en contrario, é o prezo acordado para ditos bens ou servizos, deducido o importe de calquera desconto, rebaixa no prezo ou outras partidas similares que a Fundación poida conceder, así coma os intereses incorporados ao nominal dos créditos.

